
PAXAROS

Texto de NATACHA ORTEGA

Ilustracións de LUCÍA FRANCO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €.
FINALISTA DO XIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA
DE ÁLBUM ILUSTRADO

Paxaros (galego)

ISBN 978-84-1343-060-7. Demademora.

Pájaros (castelán)

ISBN 978-84-1343-061-4. Obra de autor. Primeros lectores.

Txorlak (euskara)

ISBN 978-84-9172-212-0. Egile lanak.

Pícaros paxaros levan cartas na súa pel,

palabras que alumean,

suave danza de papel.

Na procura de aventuras, xogos, hamaca e cantares,

mentres abanan no aire,

senten a felicidade...

«Paxaros» é un poema-canción protagonizado por nenas e nenos que converten prazas, parques e arboredas en espazos lúdicos de liberdade e creatividade: fogar e xogo como punto de encontro, sen máis infraestrutura que a súa propia imaxinación.

Interesada na idea de construír cidadanía a partir da poesía, Natacha Ortega creou esta obra como parte dunha intervención urbana -dentro do proxecto infantil Gato Peludo- baseada en habitar os lugares comúns. Á sinxeleza do texto, un canto aos soños da infancia, as ilustracións de Lucía Franco redundan no minimalismo gráfico: son imaxes que destacan pola súa naturalidade, unha reducida paleta cromática de vermellos e azuis, con personaxes caracterizados con ás e picos.

Finalista do XIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, este poema musical complétase con códigos QR que permiten acceder ás tres versións da canción en galego, castelán e euskara interpretadas, respectivamente, por [Paco Nogueiras](#), [Dragón Dorado](#) e Dana Moya con arranxos de Danieuris Moya: linguas diferentes en irmandade a través dos versos e do ritmo, para ler, contar e cantar.



■ **Temática:** a infancia e o xogo no espazo público.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** finalista do XIII Premio Compostela; libro musical, poesía, canción; xogo simbólico: códigos QR para acceder a versións musicais en tres linguas.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/paxaros-g>

Natacha Ortega

(Mendoza, Argentina, 1981)

Escritora, comunicadora, cantante e investigadora no terreo da pedagogía, do son e da, ademais de autora de contos e poemas publicados en xornais, antoloxías e manuais escolares. Tamén traballou no eido do teatro realizando vestiarios e escenografías. Afincada en Montevideo dende 2004, foi fundadora e directora do centro cultural Gato Peludo, cuxa biblioteca recibiu o premio La Hormiguita Viajera, ademais de gañar o premio Graffiti ao mellor disco de música infantil de 2011. Actualmente dirixe Dragón Dorado, un proxecto de experiencias lúdicas que combina música, literatura e artes visuais.

<http://www.natachaortega.com>

Lucía Franco

(Paisandú, Uruguai, 1980)

Deseñadora gráfica e ilustradora, licenciada pola Universidade ORT de Montevideo. Ampliou a súa formación en cursos de pintura, debuxo e fotografía. Traballou en estudos, axencias de publicidade e como directora de arte nunha editorial. Tras un tempo en Estados Unidos, regresou ao seu país, dedicándose á ilustración. A súa obra expúxose en Uruguai, Argentina, Estados Unidos e España. Ilustrou libros, discos e produtos infantís para empresas de América e Europa.

<http://www.luzdeluciernaga.com>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
